

## ANEXO II MEMORIA DESCRIPTIVA

**CENTRO: CEIP SAN MARTIÑO**

**CIF: Q8655311B**

**NOME DO PROXECTO:** *Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar”.*

### TRAXECTORIA DO CENTRO

Na traxectoria do centro cabe destacar o labor realizado nos últimos vinte anos, nos que pasou de ser un colexio con moi pouco alumnado, e a piques de ser clausurado por falta de matrícula, a ter hoxe un equipo formado por 18 docentes, a maioría con destino definitivo, que imparten clase en nove grupos, tres de infantil e seis de primaria, cunha media de 22 alumnas e alumnos por nivel.

Aínda que a zona de influencia é maioritariamente rural debido á súa localización na parroquia de Salcedo, o alumnado procedente desta área tan só representa un 25 % do total, mentres que o 75 % restante corresponde a alumnado de procedencia urbana.

Os proxectos más significativos levados a cabo nos últimos anos están relacionados co fomento da lectura e a introdución das novas tecnoloxías nas aulas:

Dende o curso 2005/06 o centro forma parte da rede de **Bibliotecas Escolares de Galicia** para o que elabora un proxecto anual cunha temática que se traballa ao longo de todo o ano e que culmina na Semana da Lectura dedicada á presentación dos traballos á comunidade educativa. Dentro deste proxecto de Biblioteca Escolar, no que abarcamos o fomento da lectura, a formación de usuarios en biblioteca, o dominio das TIC para o desenvolvemento dos pequenos proxectos integrados de aula..., tamén se inclúe a participación no Salón do Libro co resultado dalgunhas destas actividades.

A partir do curso 2014/15 o alumnado de 5º e 6º participa en **Pontenciencia** presentando algúns dos proxectos de investigación que realiza ao longo do ano na área de CCNN, obtendo o 1º premio por cuartpo ano consecutivo no presente curso 2017/18, que acaba de finalizar.

Un dos proxectos más recentes é a introdución da **Robótica Educativa** en todos os niveis de infantil e primaria. No curso 2016/17 iniciouse co alumnado de infantil e os dous primeiros cursos de primaria, neste curso 2017/18 ampliouuse para impartila a todo o alumnado do centro. É un proxecto ambicioso, no cal pensamos que a robótica ademais de ter un fin en si mesma , axuda ao desenvolvemento de competencias varias, tales como aprender a aprender,

iniciativa persoal, traballo en equipo...; ademais supuxo unha formación inicial do profesorado importante, que participou nun PFPP nos últimos cursos, cara a adquirir competencias suficientes para a atención desta nova área.

E, por último, este ano o colexio participou ademais por primeira vez no proxecto do Faro de Vigo, na súa terceira edición: **O Faro da Escola**, que implicou a todo o profesorado e alumnado do centro, traballando aspectos moi importantes relacionados coa lingüística, o traballo colaborativo e o fomento dun sentido de cohesión global de toda a comunidade educativa.

Finalmente, queremos engadir a idea que este centro vén defendendo dende hai varios anos atrás e que pensamos facer realidade este próximo curso de ofrecer ao noso alumnado unhas condicións no patio do centro, que supoñan a eliminación de barrreiras de xénero , creando un ambiente lúdico e de colaboración, que supón para o tempo de lecer un momento de inclusión e de participación de nenos e nenas. Demos en chamar a este proxecto: **patio inclusivo**.

## XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN E OBXECTIVOS.

Xustificación:

Dentro das conmemoracións que marca o calendario escolar para celebrar ao longo do curso, aproveitouse a proximidade nas datas do Día de Rosalía (24 de febreiro) e o Día da Muller (8 de marzo), e a súa relación coa temática do Salón do Libro deste ano (Mulleres de conto) para programar unhas actividades centradas primeiro na muller más senlleira da nosa terra e a nosa lingua para continuar despois coas mulleres más próximas como son as nais, avoas, bisavoas ... a investigar, en colaboración coa familia, sobre as súas vidas e as dificultades que tiveron que superar.

As actividades propostas para a primeira parte do proxecto perseguían dar a coñecer a figura de Rosalía dunha forma lúdica e creativa: convertela na protagonista de contos inventados a partir dun poema, recitar e dramatizar o poema elixido e elaborar un proxecto-libro cos contos e as ilustracións de todo o alumnado.

A partir desta primeira actividade, e despois de destacar a significación dunha muller como Rosalía, pasamos á segunda parte do proxecto, no que se lles propuña a cada un dos alumnos e alumnas que recollesen na casa información sobre a vida dalgunha muller da familia para poder comprobar cal foi o seu papel ao longo dos anos e que quedou reflectido nos relatos das avoas, bisavoas e tataravoas... e a importancia dos cambios, habidos no rol femenino, que se produciron e se están a producir nas últimas décadas, comprobados nos relatos das nais, é dicir, nos relatos da xeración máis próxima ao noso alumnado.

Obxectivos:

- Coñecer algúns dos aspectos da vida e obra de Rosalía e valorar a súa achega á cultura e á sociedade galegas.
- Coñecer e valorar a relevancia das mulleres que fixeron achegas importantes á sociedade galega.
- Descubrir na propia familia a historia dunha muller e apreciar a súa significación.
- Coñecer, apreciar e valorar a nosa singularidade social e lingüística.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e en equipo, actitudes de sentido crítico e a creatividade na aprendizaxe.

#### **ACCIÓN, PROCEDIMENTOS E RECURSOS POSTOS EN PRÁCTICA**

- Investigación para recoller e seleccionar información sobre a vida de Rosalía e os costumes da época facendo fincapé nas desigualdades por razón de xénero e clase social.
- Presentación de poemas que reflectan o aspecto lírico ou socio-político que imos traballar e que mellor se adapten á idade do alumnado.
- Selección, por parte do alumnado, do poema ou poemas sobre os que se realizarán as actividades para O Salón do Libro.
- Elaboración, de forma individual, de contos a partir do poema seleccionado.
- Selección dos contos elaborados, ilustración de cada unha das estrofas do poema e os contos realizados, colaxe (traballo en equipo) e montaxe do libro “Rosalía, muller que conta, muller de conto”.
- Pescuda na casa para recoller información sobre a vida dalgunha muller da familia destacando as facetas que lles resulten de maior interese.
- Posta en común dos relatos recollidos e do material fotográfico aportado.
- Realización de ilustracións e selección de imaxes en internet.
- Recompilación das historias para a elaboración do proxecto-libro “**Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar**”.

## METODOLOXÍA EMPREGADA

Metodoloxía activa, flexible e interdisciplinaria:

- Integra distintas áreas de coñecemento e competencias básicas.
- Ten en conta os intereses do alumnado, busca o incremento da súa curiosidade e a procura de respostas.
- Esixe a implicación de todos no deseño e desenvolvemento do proxecto.

Traballo cooperativo baseado en proxectos:

- Partimos dun tema próximo ao alumnado para realizar unhas tarefas, nas que debe aportar as súas propias creacións.
- O produto final depende das achegas e a colaboración de todos e todas.

## TEMPORALIZACIÓN DA ACTUACIÓN

Segunda quincena de febreiro para o traballo “Rosalía, muller que conta, muller de conto”.

Primeira quincena de marzo para o traballo *Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar.*

## IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA E DO ENTORNO NAS ACTUACIÓNS REALIZADAS

A realización da segunda parte do traballo non podería realizarse sen a colaboración das familias. A súa implicación foi máxima á hora de presentarlle ás nenas e nenos as historias familiares que lles solicitaban, de xeito que lles puideron axudar a dar sentido e facer más comprensible o entorno no que se desenvolve a vida de cadaquén.

Con respecto ao labor do equipo docente e a súa implicación, dicir que, se ben sempre hai unha persoa responsable, que coordina a actividade, é todo o profesorado quen participa coa súa axuda e colaboración.

## INDICADORES DE DIFUSIÓN DA EXPERIENCIA

Un dos obxectivos deseñados ao inicio da actividade era a participación no Salón do Libro, como medio para ter acceso ás actividades, propostas para o alumnado nesta convocatoria do Concello.

Dada a colaboración das familias na segunda parte do proxecto e o entusiasmo que suscitou no alumnado a actividade, ao ver recollidas as historias das súas nais, avoas, bisavoas...,

decidiuse elaborar un artigo para a revista “O Faro da Escola”. Deste xeito, conseguiuse que puidese chegar a todas as familias unha referencia ao traballo realizado, así como aos distintos colexios da provincia, que participaron no proxecto da realización do xornal.

No expositor da entrada do colexio están os dous libros que resultaron do traballo e para o próximo curso serán dos que formen parte do contido da actividade da mochila viaxeira, que se desenvolve ao longo do curso dentro do proxecto de biblioteca.

## **VALORACIÓN DOS LOGROS ACADADOS**

Sen dúbida, o maior logro da actividade foi o entusiasmo que as tarefas propostas suscitaron tanto no alumnado como nas súas familias. A segunda parte do traballo era de carácter voluntario, de tal forma que, as nenas e nenos que quixesen, puidesen recoller a historia dalgunha muller da familia, ao redor da cal poder elaborar un relato para compartir.

O primeiro relato que chegou á clase fixo xurdir no resto do alumnado o interese por coñecer máis das mulleres da súa familia, de xeito que dezanove dos vinte e dous alumnos e alumnas trouxeron a historia da muller con máis relevancia para cada un deles e delas.

Isto demostra o valor intrínseco desta actividade, que lle vén dado pola posibilidade que ten de crear un espazo para a comunicación e o diálogo coa finalidade de poñer en valor os traballos e as vidas das persoas (nesta ocasión das mulleres), que nos rodean ou que nos precederon e cal é a súa significación na vida, da que hoxe gozamos .

## **PREVISIÓN DE ACTUACIÓNES FUTURAS COMO CONSECUENCIA DO TRABALLO REALIZADO.**

Preséntase como un proxecto cunhas actividades que se poden levar a cabo ao longo dunha ou dúas quincenas para a conmemoración do Día de Rosalía e do Día da Muller.

Por un lado a obra de Rosalía presenta unha gran versatilidade, de forma que a primeira parte do proxecto adáptase moi ben aos diferentes niveis e sensibilidades do alumnado de primaria.

Con respecto á segunda parte, “*Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar*”, a realización deste traballo pode ser o punto de partida para ampliar a información que recollerón, ou ben seguir pescudando nas vidas doutras mulleres da familia ou próximas aos seus intereses.

Para rematar, e como reflexión final, engadir que foi o propio alumnado e as súas familias as que encheron de contido e puxeron en valor unha actividade que non sería posible sen a súa colaboración. Que se a intención inicial era recoller unha ou dúas historias, que puidesen exemplificar os temas abordados na aula, foi o entusiasmo co que recibiron a proposta e que souberon trasladar ás casas o que fixo realidade unha actividade, que os encheu de propio asombro cando viron a recompilación final e o traballo rematado.

## **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.**

- EXEMPLAR DO FARO DA ESCOLA.
- PROXECTO-LIBRO: *Mulleres que contan: historias de mulleres que non son de conto pero que son de contar*".